

Xoves, 20 de xullo de 2023

Núm. 140

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTECESURES

##### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

###### COMPOSICIÓN E COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*ASUNTO: ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL TRAS AS ELECCIÓN DO 28.05.2023  
(COMPETENCIAS XUNTA DE GOBERNO LOCAL)*

##### ANUNCIO

Mediante resolución da Alcaldía n.º 2023-0524 de data 11.07.2023 adoptouse o seguinte acordo o que se publica para xeral coñecemento:

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023, e procedéndose o día 17 de xuño, á constitución da nova Corporación Local.

Tendo en conta que, na sesión plenaria celebrada o día 10 de xullo de 2023, se acordou por maioría absoluta dos Concelleiros/as presentes, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (4) e do PSOE (2), e a abstención do grupo municipal do PP (5), a creación da Xunta de Goberno Local.

Visto que o número legal de membros desta Corporación é de once e que, conforme ao artigo 23 da LRBRL, a Xunta de Goberno Local intégrase pola persoa que ostenta a Alcaldía e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

En virtude do disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 35.2 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

##### RESOLVO

PRIMEIRO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local ás/aos seguintes Concelleiras/os, en número de Concelleiros non superior o terzo do número legal dos mesmos :

- 1º. D. Roque Luís Araujo Rey
- 2º. D. Alberto Rivas de Jesús
- 3º. D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Pilar García Dios



Xoves, 20 de xullo de 2023

Núm. 140

SEGUNDO. Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, terán lugar o primeiro martes do mes, ás 13:00 horas, no Salón de Sesións do Concello (se coincide en día inhábil, poderase adiantar ou atrasar a data sen que exceda de dous días).

TERCEIRO. Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente á Alcaldesa no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias que se delegan:

a) A asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións, que esta Alcaldía de forma expresa delega, e que a continuación se expresan:

1º.- Aprobación oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.

2º.- A aprobación das bases das probas para a selección definitiva de persoal funcionario e laboral fixo e dos concursos para a provisión de postos de traballo.

3º.- As súas competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministros, de servizos, de concesión de obras, concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, segundo o disposto na disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, cando lles sexa de aplicación os procedementos aberto ou o procedemento aberto simplificado, agás conforme ao disposto no artigo 116 da citada Lei, no referente ao inicio, aprobación dos proxectos e elaboración do expediente.

4º.- A adxudicación de concesións sobre os bens inmobles e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos a lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

5º.- O outorgamento das licenzas: de obras, e calquera outra actividade que precise licenza, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

6º.- Autorización para a demolición ou derribo de edificios tanto en expedientes contraditorios de ruína como de obras non amparadas por licenza urbanística.

7º.- A adquisición de bens inmobles e dereitos sometidos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu importe non supere o porcentaxe nin a contía indicados.

8º.- Todas aquelas cuestións puntuais, competencia da Alcaldía, que este desexe someter a estudo, consideración ou resolución da Xunta de Goberno Local.

9º.- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do PXOM non expresamente atribuídas ó Pleno así como os instrumentos de xestión urbanística e proxectos de urbanización, así como as súas modificacións.



Xoves, 20 de xullo de 2023

Núm. 140

10º.- A resolución dos recursos interpostos contra os acordos da Xunta de Goberno e o exercicio das accións xudiciais ou administrativas en asuntos da súa competencia, agás casos de urxencia.

Con todo iso, esta Alcaldía se reserva a posibilidade de avocar a decisión dun asunto determinado, conforme ao establecido nos artigos 116 do ROF, en relación co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

CUARTO. Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir o Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia e ao taboleiro electrónico municipal, para a súa publicación no mesmo, sen prexuízo da súa efectividade dende o momento da sinatura da presente resolución pola Sra. Alcaldesa.

QUINTO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que se celebre.

En Pontecesures, a 12.07.2023.

A ALCALDESA

M.<sup>a</sup> Teresa Tocino Barreiro

